

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 14 de febreiro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o sector de perrucarías de donas, cabaleiros, unisex e beleza, polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2008.

Visto o acordo subscrito o 24 de xaneiro de 2008 pola comisión paritaria do convenio colectivo de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o sector de perrucarías de donas, cabaleiros, unisex e beleza, polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2008, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2008.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia para perrucarías de señoras, cabaleiros, unisex e beleza de Galicia 2007-2010

En Ourense, ás 10.00 horas do día 24 de xaneiro de 2008, reúnese nos locais da CEO, sitos na praza das Damas, nº 1, a representación sindical e empresarial do convenio colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia para perrucarías de señoras, cabaleiros, unisex e beleza, formada polas persoas que se sinalan á marxe.

Pola parte empresarial: a Federación de Empresarios de Peluquería y Estética de Galicia (Fepega): Antonio Peiteado Iglesias, Camilo Sotelo Barroso, Juan Carlos Fernández Pérez. Asesora: María de Miguel.

Pola parte social: por UGT: Rogelio Cibeira Fernández, Carmen Lleche Galiñena, Eladio Romero Ares e Raimundo Méndez Polo.

A reunión foi convocada para actualizar a táboa salarial para o segundo ano de vixencia do convenio, coforme o establecido no artigo 22 do convenio colectivo, que establece que en 2008 o incremento será igual ao IPC real de 2007 máis o 0,50%. Sendo o IPC real do 4,2%, procede a actualización das táboas no 4,7%.

**ANEXO I
Salarios 2008**

	Salarios
* Grupo profesional I	628,20 €
Recepcionista	
Telefonista	
Ordenanza	
* Grupo profesional II	
Oficial 2ª e oficial administrativo	659,61 €
Oficial 3ª	
Axudante	
Masaxista	
Manicura, pedicura, depilación	
Esteticista	
Caixeira	
Vendedores	
* Grupo profesional III	
Oficial 1ª	691,02 €
Encargada de salón	

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA**

Orde do 5 de marzo de 2008 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Innovación e Industria, anunciada pola Orde do 4 de febreiro de 2008.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Innovación e Industria, anunciada por Orde do 4 de febreiro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 13 de febreiro), de conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da referida lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun